

Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira

Oferta Pública de Emprego FPHVX – 2006

Anuncio de contratación de persoal de diversas categorías para a Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira.

No uso das atribucións recollidas no artigo 3 da Lei 10/96, de 5 de novembro (DOG nº 227, do 20 de novembro), o Padroado da Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira, segundo acordo de data 26 de decembro de 2005 resolveu facer publica a convocatoria das correspondentes probas de selección de persoal, con respecto ós principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, segundo determina o artigo 2 da citada lei.

Na súa virtude, a Dirección da Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira, fai público o procedemento que rexerá o devandito proceso de selección do seu persoal, de conformidade cas seguintes:

B A S E S

Primeira.- Normas Xerais

1. Obxectivo do proceso: O proceso selectivo ten por obxecto a cobertura con carácter indefinido de determinadas prazas vacantes existentes na Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira.
2. O número de prazas que se cubrirán neste proceso selectivo é o que se especifica, para cada unha das categorías no anexo I, con expresión das reservadas ás quendas de acceso libre, se é o caso, reserva do 5 % para minusvalidos conforme ao establecido no artigo 13.b) do vixente Convenio Colectivo para o persoal laboral do sector sanitario de Galicia xestionado por fundacións públicas sanitarias ou empresas públicas.
3. Os aspirantes poderán participar nunha das citadas quendas. Se da instancia que presenten non se deducira a súa opción, serán excluídos provisionalmente, coa reserva da súa posterior emenda no prazo de 10 días naturais. De non ser así, quedarán definitivamente excluídos. Polo tanto, trala publicación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, non se permitirá ningún tipo de emenda ou aclaración ó respecto.
4. Reservarase un 10 % das prazas convocadas para a súa provisión pola quenda de promoción interna. As prazas non cubertas por esta quenda incrementaranse ás convocadas polo acceso libre. Esta reserva farase só nas categorías que se oferten un mínimo de dez prazas, aplicando sucesivamente, a partir da primeira praza reservada a esta quenda, a proporción de dez prazas de quenda libre por unha de promoción interna.
5. O feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se lles recoñeza ós interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca.
- 6.- O presente proceso pode coincidir na data e hora co outro u outros que poderan ser convocados polas demais Fundacións Públicas Sanitarias.

Segunda.- Requisitos dos candidatos

Tódolos requisitos esixidos nesta base deberán ser posuídos polos aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

1.- Requisitos comúns para tódalas categorías.

a) Nacionalidade: ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois, dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o preveña o correspondente tratado, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

Así mesmo, poderán participar os que, non estando incluídos nos parágrafos anteriores se atopen en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que os habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ao mercado laboral. En consecuencia, poderán participar os que se atopen en situación de residencia temporal, os que se atopen en situación de residencia permanente, os que se atopen en situación para residir e traballar, así como os refuxiados.

b) Teren cumpridos os dezaioito anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación, no momento da publicación desta convocatoria.

c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co desempeño das correspondentes funcións.

d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas nos seis anos anteriores á convocatoria, nin atoparse inhabilitado con carácter firme para o desempeño de funcións públicas nin, se é o caso, para a correspondente profesión.

e) Ter aboado as taxas por dereito de exame. Si ben e de conformidade co artigo 23.5 da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo artigo 32.2 da Lei 13/2004, de 29 de decembro, de presupostos xerais da C.A. de Galicia para o ano 2005, estarán exentas da presente taxa, previa xustificación documental as persoas con minusvalía igual o superior ó 33% e as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. No caso de membros de categoría xeral terán unha bonificación do 50%. Os titulares en exercicio destes dereitos deberán acreditar documentalente a súa condición acompañando á solicitude o documento xustificativo correspondente.

f) Estar en posesión da titulación esixida para cada unha das categorías que se convocan se e específica, ou duna superior se e xenérica en relación coas publicadas, no Anexo I desta resolución, ou estar en condicións de obtela dentro do prazo de presentación da instancias.

g) Quen concorra pola quenda de promoción interna terá que acreditar, ademais de posuí-la titulación esixida na categoría á que se presenta, ter unha antigüidade de 2 anos como persoal fixo da fundación.

2.- Reserva para minusválidos:

Naquelas categorías en que por razón do número de prazas convocadas se reservan prazas para prover pola quenda para minusválidos nun porcentaxe non inferior ó 5%, os aspirantes, ademais de posuí-los requisitos xerais, cómpre que teñan recoñecida unha discapacidade igual ou superior ó 33 %, conforme a normativa vixente.

3.- Instancia:

1.- Os que desexen participar na selección de persoal terán que presentar necesariamente o modelo de instancia, por duplicado, que se especifica na páxina WEB do SERGAS na seguinte dirección www.sergas.es no apartado da Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira. Tamén dita instancia estará dispoñible no departamento de RRHH do Hospital Virxe da Xunqueira.

2.- A devandita instancia terá que cubrirse con tódolos datos solicitados.

En todo caso, unha vez que sexa debidamente rexistrada a solicitude e logo de entregarlle o exemplar para o interesado, na folla do exemplar para a Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira deberá levar grampado o xustificante do abono das taxas, xunto ca fotocopia do documento nacional de identidade ou pasaporte. A non presentación de dita documentación será motivo de exclusión provisional.

No caso de acceder pola quenda de reserva para minusválidos, xuntarase tamén fotocopia da certificación que recolla a dita condición.

A instancia acompañarase documentación xustificativa de estar en posesión do título do curso de iniciación ou perfeccionamento ou equivalente debidamente homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia ós efectos da exención prevista na base quinta.

3.- O prazo para a presentación das instancias será de quince días naturais, contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

4.- As instancias para participar na selección de persoal poderán presentarse no rexistro xeral da Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira, nas Direccións Provinciais do SERGAS, ou a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

5.- Os aspirantes deberán de aboar os seguintes dereitos de exame:

Persoal Facultativo 38,20 €

Técnico Grupo A (Licenciados Universitarios no sanitarios) 38,20 €

Enfermeiros/as 32,90 €

Técnico Especialista en Radiodiagnóstico 28,65 €

Técnico Especialista en Laboratorio 28,65 €

Auxiliares de Enfermería 23,35 €

Persoal de Servizos xerais: 23,35 €

O referido importe será ingresado en calquera oficina da rede das entidades financeiras colaboradoras especificamente autorizadas para a recadación de taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os aspirantes que non abonen os dereitos de exame no prazo establecido serán excluídos automaticamente.

6.- Ó ser o chamamento único, os aspirantes interesados só poderán participar unicamente nunha das categorías ofertadas.

7.- A simple transferencia do ingreso non suporá, en ningún caso, a substitución do trámite de presentación de modelo de instancia no prazo e na forma prevista nesta base.

8.- Os aspirantes con minusvalidez, opten ou non opten por participar na quenda reservada para minusválidos, poderán sinalar na instancia as adaptacións de tempo e

medios para a realización dos exercicios, cando esta adaptación sexa necesaria. As devanditas adaptacións non desvirtuarán, en ningún caso, o contido das probas de valoración da aptitude dos aspirantes. Esta adaptación farase en función da petición motivada que o aspirante poderá presentar xunto coa solicitude.

9.- En todo caso, os tribunais reservarán para si o dereito a esixir que se acredite convenientemente a existencia ou non de calquera requisito de participación dos aspirantes en calquera momento anterior á resolución definitiva da selección de persoal.

10.- A consignación de datos falsos na instancia ou na documentación achegada polos aspirantes sancionarase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

O enderezo que figure nas instancias considerárase como o único válido para os efectos de notificación, sendo responsabilidade exclusiva dos aspirantes tanto o erro na súa consignación, como a comunicación a Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira de calquera cambio nel.

Terceira.- Admisión de aspirantes:

1.- Expirado o prazo de presentación de instancias, a Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira trala clasificación e revisión das achegadas, ditará unha resolución declarando con carácter provisional os aspirantes admitidos e excluídos, co motivo da exclusión, para cada unha das categorías.

2.- Esta resolución publicarase, nos taboleiros de anuncios da Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira e na páxina web do SERGAS (www.sergas.es) nos que se poderán examina-las listaxes de aspirantes admitidos e excluídos.

3.- Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de DEZ días naturais, contados a partir do día seguinte ó da publicación da resolución, indicado no parágrafo anterior, para que poidan corrixir, se é o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

4.- Á vista das peticións de reparación achegadas, á Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira, publicará na forma descrita no número 2 desta base, as listaxes definitivas de aspirantes admitidos e excluídos para cada categoría. Para este efecto, a estimación ou, se é o caso, desestimación das ditas peticións de reparación entenderanse implícitas na resolución que publique a listaxe definitiva.

5.- Devolveránselle-los dereitos de exame ós aspirantes excluídos definitivamente da selección de persoal sempre e cando o soliciten no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da publicación nos lugares descrito no punto 2 da base 4 desta convocatoria, debendo de solicitalo por escrito coa fotocopia da solicitude presentada.

Cuarta.- Tribunais

1.- Os tribunais cualificadores da selección de persoal para cada unha das categorías que se convocan, serán nomeados pola Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira. Un membro de cada un dos tribunais cualificadores será nomeado polo comité de empresa, sendo necesario que o mesmo teña unha titulación igual ou superior á requirida para acceder as prazas do tribunal que vai formar parte.

Correspóndenlle ós tribunais as funcións relativas á determinación concreta do contido das probas e á cualificación dos aspirantes, tanto na fase de exame como na de concurso, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas para o desenvolvemento correcto das probas selectivas e a resolución de incidencias, polo que non poderán disolverse ata as correspondentes firmas dos contratos indefinidos dos aspirantes que resulten seleccionados.

Os tribunais que se nomeen deberán resolver, tanto na fase de exame como na fase de concurso, tódalas dúbidas que puideran xurdir así como as situacións derivadas daqueles casos non recollidos nesta convocatoria.

2.- Os tribunais terán a súa sede, para os efectos de comunicación e incidencias, na Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira sita en Paseo do Alcalde Pepe Sánchez, nº 7, 15270 CEE, podendo dispoñer que nesta sede unha persoa, membro ou non deles, ou unha unidade administrativa, atenda no posible cantas cuestións sexan formuladas en relación co concurso-oposición.

3.- Os tribunais estarán compostos dun número de membros non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de membros suplentes.

O tribunal poderá dispoñer da incorporación ós seus traballos dos asesores especialistas ou de apoio que estime oportunos. Os ditos asesores limitaranse a presta-la súa colaboración nas especialidades técnicas, con voz e sen voto.

4.- Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, notificándo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou cando nos seis anos anteriores á convocatoria realizaran tarefas específicas de preparación de aspirantes para o ingreso na mesma categoría. O presidente poderá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incurso nas circunstancias ás que se fai referencia neste número. Así mesmo, os aspirantes, poderán recusa-los membros do tribunal cando ó seu xuízo concorran as ditas circunstancias.

5.- Os tribunais terán a categoría primeira das previstas no artigo 26 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ó persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Quinta.- Procedemento de selección

A) Fase de Oposición Persoal sanitario e non sanitario non Facultativo.

1.- A fase de Oposición farase en chamamento único en cada unha das categorías que se convocan e consistirá na realización dos exercicios que para cada unha delas fixen os Tribunais en base os temarios do Anexo V.

O exame constará de dúas partes:

1.2.- A primeira parte consistirá nun exame tipo test de coñecementos específicos sobre a categoría e versará sobre as materias obxecto do temario contido no anexo V. O número de preguntas do temario común non poderá ser superior ó 20% do total das que compoñen o test. Dito exame tera carácter eliminatorio. Segundo a categoría e o número de preguntas, o exame terá una duración dun mínimo de dúas horas e un máximo de dúas horas e media. O exame constará de 100 preguntas para os Titulados superiores non sanitarios, Diplomados Universitarios en Enfermería, Matronas e técnicos

especialistas da rama sanitaria, excepto para persoal facultativo que se substituirá por unha memoria. Para ó resto de categorías a proba constará de 80 preguntas.

O sistema de puntuación será de 0,5 puntos por pregunta, contándose como negativas aquelas erróneas, en una proporción de 3 falladas por unha correcta.

No caso da memoria o tribunal puntuará de 0 a 50 o resultado.

Consideraranse aptos aqueles aspirantes que superen o 55% das preguntas.

1.1- Exame de Galego: O grao de coñecemento do galego requerido virá dado segundo a categoría profesional á que se opte, polo que para as categorías profesionais de Auxiliar de Enfermería e PSX, o grao de coñecemento do galego exixido será o do nivel do curso de iniciación. Para as outras categorías profesionais restantes o grao de coñecemento do galego exixido será o do nivel do curso de perfeccionamento. O exame farase a continuación de rematado o exame de coñecementos específicos e terá una duración de 15 minutos. Constará de 10 preguntas tipo test, alcanzándose unha cualificación de apto ou non apto, sendo este exame eliminatorio no proceso. A consideración de apto alcanzarse co 50% das preguntas correctas.

Estarán exentos da realización de este exame aqueles candidatos que teñan acreditado, conxuntamente coa instancia, segundo a categoría á que opte, a posesión dos cursos de iniciación ou perfeccionamento ou equivalente debidamente homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Tamén estarán exentos da realización do devandito exame aqueles candidatos que opten pola quenda de promoción interna e

A.1) Fase de Oposición Persoal Facultativo. A proba escrita para a categoría de Facultativos Especialistas consistirá na redacción dunha memoria, coa estrutura, desenrolo e duración que será proposta polo tribunal no momento da súa redacción. Neste exercicio valoraranse os coñecementos, a claridade e o orden das ideas, así como a calidade da expresión escrita. Nas datas e horario que o tribunal determine farase a lectura pública das memorias obxecto da proba escrita.

2.- As datas de celebración das probas serán anunciadas nos taboleiros de anuncios da Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira, na páxina web do SERGAS (www.sergas.es) así como nas Direccións Provinciais do SERGAS da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

De conformidade co artigo 4 da Lei 10/1996, de 5 de novembro, de actuación de entes e empresas participadas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia en materia de persoal e contratación, o tempo que deberá discorrer entre a presente convocatoria e a celebración das probas, non será nunca inferior a un mes.

3.- Os tribunais adoptarán as medidas oportunas para garantir que os exercicios da fase de exame tipo test sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos aspirantes, excluíndose aqueles que teñan marcas ou figuras que permitan coñecer a identidade do opositor. Ó remate das probas tipo test entregaranse a cada aspirante a folla autocopiativa do seu exame así como o cuestionario de preguntas. O formulario coas respostas correctas publicarase con posterioridade ó exame.

4.- Os exercicios da fase de exame realizaranse no lugar e á hora que se fixe nunha resolución da autoridade convocante que deberá publicarse nos taboleiros de anuncios da Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira, na páxina web do SERGAS

(www.sergas.es) e nas Direccións Provinciais do SERGAS da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

5.- En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polos membros do tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

6.- Os aspirantes serán convocados nun único chamamento, sendo excluídos do proceso de selección os que non comparezan. En todo caso para garantir a unidade de acto non serán tidas en conta causas de forza maior ou calquera outra causa para emenda-la non comparecencia.

7.- En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivera coñecemento de que algún dos aspirantes non cumpre un ou varios dos requisitos esixidos por esta convocatoria, logo da audiencia do interesado, debe propoñer a súa exclusión á autoridade convocante. De mesmo xeito, o tribunal deberá dar conta das inexactitudes ou falsidades nas que puidera incurrir os aspirantes, para os efectos procedentes.

8.- Se o tribunal, de oficio ou con base nas reclamacións que os interesados poidan presentar nos dous días hábiles seguintes á realización da proba, anulase algunha ou algunhas das preguntas incluídas nun exercicio, anunciará-lo publicamente xunto coa publicación das puntuacións dos distintos exercicios da fase de oposición, nos taboleiros da Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira, na páxina web do SERGAS (www.sergas.es) e nas Direccións Provinciais do SERGAS da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

9.- Trala publicación das puntuacións dos exercicios da fase de exame, os interesados poderán presentar reclamación perante o tribunal no prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación referida no punto anterior.

11.- O tribunal poderá acordar, nos exames tipo test, a inclusión de preguntas reserva que deberán ser contestadas polos aspirantes, ampliándose en tal suposto e de forma proporcional o tempo de realización do exercicio.

12.- Unha vez rematada a primeira fase do proceso selectivo, os tribunais de selección farán público un acordo co listaxe de persoas que superaron dita fase. Cada tribunal establecerá o corte na súa lista, sempre que acaden o 55 % da puntuación máxima asignada ó exame.

13.- A fase do exame terá unha ponderación asignada do 55% da nota máxima do total do proceso selectivo.

B) Fase de concurso

1.- Rematada na súa totalidade a fase de exame, o tribunal publicará un acordo nos taboleiros da Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira, na páxina web do SERGAS (www.sergas.es) e nas Direccións Provinciais do SERGAS da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, no que declarará rematada a fase de exame, e se abrirá un prazo de quince días naturais contados dende o seguinte ó da súa publicación para que ditos aspirantes acheguen, nos lugares indicados na base segunda punto 3.4, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen.

Se algún aspirante non achegara ningún tipo de mérito, o tribunal, de oficio, outorgaralle cero puntos na fase de concurso.

Sen embargo, tódolos aspirantes, sen excepción, que superaran a fase de oposición, deberán achegar inescusablemente a seguinte documentación, pois en caso contrario quedarían excluídos do proceso selectivo:

a. Fotocopia compulsada o certificación académica do título esixido para o ingreso na correspondente categoría, segundo do disposto no anexo I desta resolución.

b. Os aspirantes que accedan polas quendas de promoción interna e de discapacitados deberán achegar, ademais da documentación anterior, orixinal ou certificación compulsada acreditativa, segundo os requisitos descritos nos puntos 2 e 3 da base segunda desta resolución.

2.- A nota final da fase de concurso terá unha ponderación do 35% da nota máxima do total do proceso selectivo.

3.- Na fase de concurso, os servizos prestados en postos de xefatura / coordinación / supervisión, computaranse como prestados na praza básica.

A puntuación destes servizos prestados será a que resulte de aplicar, para cada categoría, o baremo previsto no Anexo III desta resolución.

4.- Igualmente achegaranse, mediante orixinal ou fotocopia compulsada, os documentos acreditativos dos méritos comprendidos dentro do epígrafe de formación, e que se relacionan no anexo III desta resolución.

5.- Tanto a valoración dos servizos prestados como da formación que compoñen esta fase de concurso enténdense referidas ó día anterior da publicación do DOG desta convocatoria.

6.- Os tribunais poderán requirir de oficio, dos aspirantes ou de calquera Administración Pública, a documentación complementaria ou as aclaracións precisas coa finalidade de asegura-la máxima obxectividade na adxudicación da puntuación nesta fase de concurso.

7.- Realizada polo tribunal a baremación correspondente, publicarase nos taboleiros da Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira, na páxina web do SERGAS (www.sergas.es) e nas Direccións Provinciais do SERGAS da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, o anuncio da súa exposición, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante no epígrafe de experiencia e no de formación, así como a valoración total da fase de concurso. Contra a baremación os aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación perante o propio tribunal no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ó da súa publicación nos lugares indicados o principio deste parágrafo.

8.- A vista das reclamacións achegadas e realizadas, se é o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal publicará nos lugares sinalados no punto anterior o acordo que conteña a relación de aspirantes, por la orde puntuación acadada, indicando a puntuación obtida en cada unha das fases e a puntuación total que será a suma de ámbalas dúas.

9.- Sendo esta fase eliminatória, pasarán a seguinte e última fase cinco aspirantes por cada una das prazas convocadas na categoría correspondinte. No caso de empate na puntuación, o sistema de desempate e determinación dos cinco aspirantes por praza, efectuarase en primeiro lugar a prol das solicitantes de sexo feminino con preferencia sobre o sexo masculino cando na categoría se dean as condicións de infrarepresentación

previstas no artigo 37 da Lei 7/2004, do 17 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, despois, no caso de manterse o empate, a prol dos que tiveran maior puntuación na fase de exame de coñecementos específicos da categoría ou especialidade á que optan, de persistir aínda o empate, dirimirase a prol do aspirante con maior puntuación no epígrafe de experiencia profesional e de ser necesario, no epígrafe de formación. No caso de persistir o empate, o último criterio de desempate será a orde alfabética iniciándose pola letra establecida na resolución da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 26 de xaneiro de 2005, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento d selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma do ano 2005 (DOG nº 22, do 2 de febreiro).

C) Fase de entrevista.

- 1.- A nota final da fase de entrevista será un 10 % da nota final (10 puntos)
- 2.- A fase de entrevista consistirá nunha entrevista regrada e sendo a mesma determinada e consensuada polos membros dos correspondentes tribunais.
- 3.- Contra o resultado da entrevista, os aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación perante o propio tribunal no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ó da súa publicación nos lugares anteriormente indicados.

D) Fase Final.

1.- No caso de empate ó final do proceso, o sistema de desempate efectuarase en primeiro lugar a prol das solicitantes de sexo feminino con preferencia sobre o sexo masculino cando na categoría se dean as condicións de infrarepresentación previstas no artigo 37 da Lei 7/2004, do 17 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, e despois, e de persistir o empate, a prol dos aspirantes que tiveran maior puntuación na fase de exame de coñecementos específicos, de persistir aínda o empate, dirimirase a prol do aspirante con maior puntuación na fase de méritos tomados no seu conxunto, e de continuar o empate a prol do aspirante que tivera a maior puntuación na fase de entrevista. No caso de persistir o empate, o último criterio de desempate será a orde alfabética iniciándose pola letra establecida na resolución da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 26 de xaneiro de 2005, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento d selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma do ano 2005 (DOG nº 22, do 2 de febreiro).

2.- En ningún caso o tribunal poderá declarar que ó fin do proceso, superaron a selección de persoal un número de aspirantes superior ó de prazas convocadas. Tal declaración será nula de pleno dereito.

3.- A Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira, procederá á contratación laboral indefinida das persoas seleccionadas cun período de proba legalmente establecido, sempre e cando non o teñan superado previamente. Os postos de traballo que, una vez finalizado o proceso selectivo permanezan vacantes pola renuncia das persoas seleccionadas cubriranse de xeito correlativo por aqueles que obteñan a seguinte puntuación na listaxe definitiva de seleccionados, sempre e cando a renuncia se produza no prazo dun mes dende a finalización do proceso selectivo. Con posterioridade a dita data, declararase a praza vacante. Poderanse declarar desertos_ aqueles postos de traballo nos que non se atope a persoa axeitada para ocupalo.

Asdo.: Francisco José Pazos Soto
Director

ANEXO I

CATEGORIAS	PROMOCION INTERNA	DISCAPACITADOS	QUENDA LIBRE	TOTAL
Facultativo Espta. Anat.Patolóxica			1	1
Facultativo Espta en Pediatría			1	1
Facultativo Espta. en Psiquiatría			1	1
Facultativo Espta en Medicina Interna			1	1
Facultativo Espta en Xinecoloxía			1	1
Facultativo Espta en Traumatoloxía			1	1
Facultativo Espta en Dermatoloxía			1	1
Facultativo Urxencias			2	2
Facultativo Espta en Anestesioloxía			1	1
Titulado Superior no Sanitario			1	1
Matrona			5	5
DUE	1	1	17	19
TEL			2	2
TER			2	2
Auxiliares de Enfermería			8	8
Persoal de Servizos Xerais			6	6

Titulacións esixidas:

Facultativos Especialistas: Licenciatura en Medicina mais a correspondente especialidade na praza convocada.

Facultativo de Urxencias: Licenciatura en Medicina mais a especialidade de Medicina de Familia.

Titulado Superior non sanitario: Licenciatura Universitaria en Dereito,

ATS/DUE: Diplomatura Universitaria en Enfermería.

Matrona: Diplomatura Universitaria en Enfermería mais a especialidade de Enfermeira Obstétrico Xinecolóxica.

Técnicos Especialistas en Radioloxía: Técnico Superior en Imaxe para o diagnóstico ou equivalente.

Técnicos Especialistas en Laboratorio: Técnico Superior en Laboratorio de diagnóstico clínico ou equivalente.

Auxiliares de Enfermería: Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería ou equivalente.

PSX: Graduado en Educación Secundaria ou equivalente.

ANEXO II

FORMATO SOLICITUDE

ANEXO III

BAREMOS PERSOAL SANITARIO E NO SANITARIO NON FACULTATIVO

1.- FORMACIÓN CONTINUADA:

A acreditación dos méritos de este apartado farase mediante fotocopia compulsada do diploma acreditativo no que se expresarán debidamente rexistradas o número de horas do que consta o curso a valorar. No caso de que a duración do curso veña expresada en créditos, cada un deles valorarase nunha equivalencia de 10 horas.

Non se valorarán os diplomas acreditativos de asistencia a xornadas, seminarios, simposios, congresos e semellantes.

Os cursos baremables deberán haber sido realizados con posterioridade á obtención dos estudos correspondentes á praza a que se presenta o aspirante.

a) **FORMACION ESPECÍFICA:** Puntuación máxima será de 12 Puntos.

Só se valorarán os cursos realizados no prazo de oito anos tomados dende o día inmediatamente anterior a publicación desta convocatoria e cuxo contido este relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta e que foran convocados e impartidos por organismos das administracións públicas, universidades, institucións sanitarias da Seguridade Social, Fundacións Públicas, Colexios Profesionais e organizacións sindicais. Tamén valorarase os cursos convocados e impartidos por empresas o institucións privadas, sempre que os cursos pertencen ó Plan de Formación Continua (FORCEM-FEFEM). E por último, valorarase calquera curso acreditado polo Sistema Nacional de Saúde, con independencia do seu convocante o de quen o impartira.

A razón da baremación da formación específica será de 0,06 puntos por cada 10 horas.

b) **FORMACIÓN EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS:** Puntuación máxima 3 puntos.

Só se valorarán os cursos de duración igual ou superior a 20 horas cuxo contido este relacionado directamente coa prevención de riscos laborais e que foran convocados e impartidos por organismos das administracións públicas, universidades, institucións sanitarias da Seguridade Social, Fundacións Públicas, Colexios Profesionais e organizacións sindicais. Tamén valorarase os cursos convocados e impartidos por empresas o institucións privadas, sempre que os cursos pertencen ó Plan de Formación Continua (FORCEM-FEFEM). E por último, valorarase calquera curso na devandita materia acreditado polo Sistema Nacional de Saúde, con independencia do seu convocante o de quen o impartira.

A razón da baremación desta formación especial será: 0,3 pts. por cada 10 horas de curso.

2.- EXPERIENCIA PROFESIONAL

A puntuación máxima posible por cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos neste epígrafe será de 18 puntos.

1. Por cada mes de servizos prestados na categoría á que se opta en Institucións acollidas ao Convenio Colectivo de Fundacións Públicas sanitarias, Institucións

da Seguridade Social dependentes do SERGAS ou noutras Institucións Sanitarias da Seguridade Social integrantes do Sistema Nacional de Saúde: 0,20 puntos.

2. Por cada mes de servizos prestados na categoría á que se opta noutras institucións sanitarias ou de servizos sociais públicas españolas o dun país da UE: 0,10 ptos. Neste último caso a acreditación do tempo de servizos prestados deberá acreditarse mediante documento orixinal ó que se axuntará tradución ó castelán ou galego, certificada pola embaixada o consulado do país que se trate.
3. Por cada mes de Servizos prestados na categoría á que se opta en institucións sanitarias privadas españolas: 0,05 ptos.

3.- PUBLICACIONES, PONENCIAS E INVESTIGACIÓN.

A puntuación máxima posible para cada aspirante neste apartado é de 2 puntos.

- Polas publicacións de carácter científico en revistas especializadas de recoñecido prestixio no ámbito nacional ou internacional, apreciados libremente polo tribunal. como 1er, 2º, 3º ou 4º autor: 0,25 puntos.
- Pola presentación de comunicacións orais ou pósteres e relatorios en congresos, seminarios ou xornadas: 0,10 puntos hasta un máximo de 0,50 puntos.
- Pola docencia activa postgraduada por hora: 0,22 ptos. Os criterios de avaliación deste punto serán os mesmo que na formación específica

ANEXO IV

BAREMOS PERSOAL FACULTATIVO

1.- FORMACIÓN CONTINUADA:

A acreditación dos méritos de este apartado farase mediante fotocopia compulsada do diploma acreditativo no que se expresarán debidamente rexistradas o número de horas do que consta o curso a meritara. No caso de que a duración do curso veña expresada en créditos, cada un de eles valorarase nunha equivalencia de 10 horas.

Non se valorarán os diplomas acreditativos de asistencias a xornadas, seminarios, simposios, congresos e similares.

Os cursos baremables deberán haber sido realizados con posterioridade á obtención dos estudos correspondentes á praza a que se presenta o aspirante.

a)FORMACION ESPECÍFICA: Puntuación máxima será de 10 Puntos.

Só se valorarán os cursos realizados no prazo de oito anos tomados dende o día inmediatamente anterior a publicación desta convocatoria e cuxo contido este relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta e que foran convocados e impartidos por organismos das administracións públicas, universidades, institucións sanitarias da Seguridade Social, Fundacións Públicas, Colexios Profesionais e organizacións sindicais. Tamén valoraranse os cursos convocados e impartidos por empresas o institucións privadas, sempre que os cursos pertencen ó Plan de Formación Continua (FORCEM-FEFEM). E por último, valorarase calquera curso acreditado polo Sistema Nacional de Saúde, con independencia do seu convocante o de quen o impartira. A razón da baremación da formación específica será de 0,06 puntos por cada 10 horas, hasta un máximo de 7 puntos.

- Estar en posesión do título de Doutorado: 2 puntos.
- Estar en posesión dun máster relacionado directamente coa especialidade: 1 punto.

b)FORMACIÓN NA ESPECIALIDADE, VIA MIR: 8 puntos.

2.- EXPERIENCIA PROFESIONAL

A puntuación máxima posible por cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos neste epígrafe será de 15 puntos.

4. Por cada mes de servizos prestados na categoría á que se opta en Institucións acollidas ao Convenio Colectivo de Fundacións Públicas sanitarias, Institucións da Seguridade Social dependentes do SERGAS ou noutras Institucións Sanitarias da Seguridade Social integrantes do Sistema Nacional de Saúde: 0,16 puntos.
5. Por cada mes de servizos prestados na categoría á que se opta noutras institucións sanitarias ou de servizos sociais públicas españolas o dun país da UE: 0,10 pto. Neste último caso a acreditación do tempo de servizos prestados deberá acreditarse mediante documento orixinal ó que se axuntará tradución ó castelán ou galego, certificada pola embaixada o consulado do país que se trate.
6. Por cada mes de Servizos prestados na categoría á que se opta en institucións sanitarias privadas españolas: 0,05 pto.

3.- PUBLICACIÓNS, PONENCIAS E INVESTIGACIÓN.

A puntuación máxima posible para cada aspirante neste apartado é de 2 puntos.

- Polas publicacións de carácter científico en revistas especializadas recoñecido prestixio no ámbito nacional ou internacional, apreciados libremente polo tribunal. como 1er, 2º, 3º ou 4º autor: 0,25 puntos.
- Pola presentación de comunicacións orais ou pósteres e relatorios en congresos, seminarios ou xornadas: 0,10 puntos hasta un máximo de 0,50 puntos.
- Pola docencia activa posgraduada por hora: 0,22 pto. Os criterios de avaliación deste punto serán os mesmo que na formación específica

ANEXO V TEMARIOS

TEMARIO COMUN PERSOAL SANITARIO E NON SANITARIO NON FACULTATIVO

Tema 1.- Universalización do dereito á asistencia sanitaria. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público. Confidencialidade, Historia Clínica e Consentimento Informado e súas normas de desenrolo.

Tema 2.- A Lei de Ordenación Sanitaria de Galicia: O sistema sanitario de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O SERGAS.

Tema 3.- As Fundacións Sanitarias Públicas: A Lei 10/96, de actuación de entes y empresas participadas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia en materia de persoal e contratación. El Decreto 229/1997, do 25 de Agosto, polo que se establece o modelo de xestión e administración do Hospital Virxe da Xunqueira. O seus estatutos.

Tema 4.- O Convenio Colectivo para o persoal laboral do sector sanitario de Galicia xestionado por fundacións públicas sanitarias ou empresas públicas.

